

VI Concurso de Comunicación Científica do Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE C³)

VI Semana da Ciencia, 9-15 de novembro de 2023

Resolución da categoría de vídeos divulgativos

Ás 16.30 horas do venres 10 de novembro de 2023 reúnese o xurado por videoconferencia. Logo de contrastar as valoracións individuais e discutilas en detalle, chégase ao seguinte ditame:

O xurado valorou os textos presentados e decidiu, por unanimidade, outorgar o premio ao vídeo

Hidden Physics Icons Hall of Fame, de **Candice Harris**

Pola orixinalidade da proposta, empregando unha composición musical e unha letra de gran calidade para lembrar a referentes femininas da ciencia, incluíndo físicas relevantes nas áreas de investigación do IGFAE.

O xurado tamén acordou outorgar unha mención de honra aos traballos ***Más allá del Modelo Estándar***, de **José Luis Oltra**, polo rigor e calidade técnica da proposta, e ***Partículas con velocidades imposibles: Que son os Raios Cósmicos?***, de Mauro Garrido, por expoñer con gran capacidade didáctica un tema complexo e escasamente abordado.

Darío Lago

Alicia Muñoz

Jose Edelstein (presidente)

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023